O RÍO EUME NA ANTIGÜIDADE CLÁSICA

Vicente Martínez Álvarez

A nosa comarca, recentemente creada polas institucións de goberno, articúlase arredor do río Eume. Pontedeume está intimamente vencellado e tamén ó longo da súa historia a dito río. Pero podemos preguntarnos, e de feito é do que vai tratar este breve comentario, se sempre o río Eume se chamou así ou tivo outras posibles denominacións.

Os autores antigos[1], entre os que podemos destacar a Estrabón, Plinio o Vello, Mela e sobre todo Ptolomeo, non mencionan nunca un hidrónimo chamado Eume. Temos que dicir que si fan mención doutros cursos fluviais do noroeste peninsualar como é o caso do Eo ou do Navia; tamén do Tambre.

É lóxico pensar que non pode ser un esquecemento debido á omisión por parte de todos os autores. Tampouco podemos crer que non fan referencia a el por ser insignificante, pois polo seu caudal e lonxitude ten máis entidade que outros moitos cursos fluviais que estes mesmos autores mencionan. Ademais debemos dicir que a presencia romana preto da súa desembocadura e no seu curso medio na zona das Pontes está demostrada mediante restos arqueolóxicos[2].

Todo isto, a importancia do río e a presencia romana na súa cunca, lévanos a pensar en dous posibles nomes ou hidrónimos que corresponderían ó Eume nas fontes clásicas.

Damos por feito que o golgo Ártabro ou *sinus artabris* dos textos clásicos corresponde ás rías da Coruña, Betanzos, Ares e Ferrol; anque hai autores discordantes que sitúan o golfo Ártabro na zona de Fisterra ou cabo Touriñán[3].

---

1. Referímonos ós autores que están recollidos nas *Fontes Hispaniae Antiqua* (FHA).
   Tamén outros autores como Antonio García y Bellido na súa obra *La España de nuestra era según P. Mela* y *C. Plinio* e outra obra como *España* y los *Españoles hace dos mil años según la "Geografía de Strabón"*.
   Referencia especial para desenvolver este breve traballo é a obra de Ana María Romero e Xosé Manuel Pose, *Galicia nos textos clásicos*, na que fan un percorrido e comentario das diversas noticias dos autores clásicos.

2. Referímonos á vila romana de Centroña, posiblemente dedicada á salgadura de peixe. Anque está situada no río, constata a presencia romana na desembocadura do río Eume, tratada por J.M. Luengo Martínez *Las excavaciones de la villa romana de Centroña-Pontedeume.* pp. 5-19.
   Tamén a presencia romana no curso medio está testemuñada pola posible orixe romana da ponte sobre o río Eume que hai nas Pontes, o que nos indica que habería unha vía romana secundaria na zona.
   Por último testemuñamos a presencia romana nas proximidades do río mediante o achado dunha inscrición romana referida a unha dedicación a tódolos deuses e deusas seguindo un oráculo de Apolo no santuario de Claros en Asia Menor. *Dis D(eabus)q(ue) ex interpretatione oraculi Clalri Apo(l)inis.*

3. Autores como Cuevillas en *Estudos*, pp.41 e Sulten en *Geografía y etnografía antiguas de la Península Ibérica* pp.394, sitúan o porto Ártabro na ría de Corcubión, polo tanto o golfo Ártabro tamén.

O texto que nos resulta máis revelador é o seguinte de Mela:

In Artabris sinus ore angusto admissum mare non augusto ambitu excipens Adrobricam urbem et quattor amnium ostia incigit: duo etiam inter accolentis ignobilia sunt, per alia Ducanaris exit et Libyca.

Mela, *Chorographia*, III, 13.

Pomponio Mela, neste texto da súa obra *Chorographia* fálanos do dito golfo dos ártabros ou Ártabro e dun gran estreitamento dentro del que pode corresponder á bocana da ría de Ferrol, abríndose despois unha ampla enseada onde estará a cidade de *Adrobricam*[4], que diversos autores identifican coa actual cidade de Ferrol. Segue o autor dicíndonos que nesta zona desembocan catro ríos, dos cales dous non teñen importancia nin para os habitantes da zona e outros dous chamados *Ducanaris* e *Libyca*.

Son estes dous hidrónimos os que nós tentamos identificar co río Eume actual, anque non podemos dicir cal dos dous se corresponde, porque un deles ten que corresponder ó río Xubia, que é o outro maior da zona. Respecto dos outros dous insignificantes poderiamos identificalos co Belelle ou Cádavo. Un autor que tratou todo o noroeste peninsular en canto ás fontes e que xa é considerado como un clásico é Tranoy[5]; referíndose ó Eume deixa claro que nun principio se chamou Ares puidendo despois derivar cara ó hidrónimo Anaris, que ten similitude co *Ducanaris* dos textos clásicos.

Ptolomeo, xeógrafo do século II da nosa era, na súa obra *Geografia* é o que revoluciona a Xeografía establecendo un sistema de coordenadas que nos dan a latitude e lonxitude de diversas cidades, pobos, accidentes xeográficos e ríos. No seu *Libro II* non fai referencia- como xa indicamos antes- ó río Eume nin ó *Ducanaris* e *Libyca.* Os ríos que Ptolomeo cita e que están máis preto do Eume son o *Viri* e o *Mera*, identificados segundo autores[6] cos actuais Anllóns ou Mero o primeiro e o segundo co Mero ou Mera.

Estrabón, na súa obra *Geografia*, no *Libro III*, é o autor que máis noticias nos dá do noroeste peninsular, pero no que fai referencia ó río Eume hai unha omisión ó igual que na maioría dos autores clásicos.

Plinio o Vello, na súa obra *Historia Natural* fainos referencia únicamente ós ríos Miño como *Minio*, Tambre como *Tamarico* e Limia como *flumen Limmia.* Tampouco fai referencia directa ou indirectamente ó Eume.

---

4. No que respecta á cidade de *Adrobricam* identifícase coa cidade de Ferrol ou arrabaldes segundo autores como Schulten *Geografía y etnografía*...p. 395. Saralegui y Medina seguindo a autores como Hübner, participan da mesma opinión. *Adrobrica*, pp.17.

5. Tranoy, A. *La Galice Romaine*, pp. 26, fai referencia ó texto de Mela, estando Monteagudo de acordo con esta interpretación respecto ao *Ducanaris* e *Xubia* e identificando este último co *Libyca.*

6. Müller identifica o *Viri* co Anllóns e para Montenegro trátase do Mero actual.

Estamos seguros da ocupación por parte dos romanos do territorio do río Eume no seu curso medio e baixo.

As noticias clásicas do territorio son indubidables, sobre todo o texto de Mela, polo tanto é moi improbable que un río de tal caudal se lles esquecese. Coidamos, ó igual que a maioría de autores que teñen tratado o tema, que o *Ducanaris* corresponde ó Eume actual.

O nome actual do río, que aparece documentado por primeira vez na idade media, pode que se implantase na alta idade media entre os séculos VI ao X.

Xa que logo, e mentres non apareza unha proba ou un documento que corrobore o que dixemos antes, podemos aceptar esta posibilidade que propón *Ducanaris* igual a Eume.

Sempre hai que deixar a posibilidade de erro, pois este é o caso da división administrativa do noroeste peninsular na época romana que queda trastocada tralo descubrimento dun edicto do emperador Octavio Augusto[7] en Bembibre preto de Ponferrada, e onde se menciona un pacto entre un pobo e Roma, pero sobre todo ten máis importancia por facer mención dunha provincia chamada Transduriana, ata agora descoñecida, e que engloba todo o noroeste peninsular incluíndo loxicamente a cunca do río que tratamos *Ducanaris ou Eume*.



La péninsule ibérique, selon Strabon.

7. O edicto de Augusto foi publicado en prensa (*Diario de León*. Domingo 12 de decembro 1999, pp.14-15). A súa traducción é a seguinte: O emperador César Augusto, fillo do divino, na súa novena potestade tribunicia e procónsul, di: Souben por todos os meus legados que foron gobernadores (ou que tiveron o mando) da provincia Transduriana, que os habitantes do castellum Paemiobrigense, da xente dos Susarros, en oposición ao resto, permaneceron na obediencia...



MAPA DE PTOLOMEO
(Segundo A. Tovar)



Mapa do noroeste peninsular segundo *Tabula Imperii Romani* folla K-29:Porto.

BIBLIOGRAFÍA

ACUÑA CASTROVIEJO, F. *Bibliografía da le galicia romana*. Lugo 1977.

Corpus Inscriptionum Latinarum

Fontes Hispaniae Latinarum
-t.I *Avieno. Ora Marítima* *Schulten, A.* 1955
-t.II *500 a. C.Hasta.César* *Schulten, A.* 1925

-t.III *La guerras 237-154 a.C.* *Schulten, A.* 1935
-t.IV *Las guerras 154-72 a.C.* *Schulten, A.* 1937
-t.V *Las guerras 79-19 a.C.* *Schulten, A.* 1940
-t.VI *Estrabón. Geografía de Iberia* *Schulten, A.* 1952
-t.VIII *Las fuentes desde César al S.V. D.C.* *Grosse, R.* 1959
-t.IX *Las fuentes de época visigoda y bizantina* *Grosse, R.* 1947

GARCÍA Y BELLIDO, A. *La España del siglo y de nuestra era.* Col. Austral nº 744B 1947. Buenos Aires

GARCÍA Y BELLIDO, A. *Veinticinco estampas de la España antigua.* Espasa Calpe. Col. Austral nº375. Madrid 1967

GARCÍA Y BELLIDO, A. *España y los españoles hace 2000 años.* Col. Austral nº 515. 1968. Madrid.

LÓPEZ CUEVILLAS, F. "Estudos sobre a Edade do Ferro no noroeste peninsular. As fontes literarias." *Arquivos do seminario de Estudos Galegos.* VI. Pp.217-367. 1934

LUENGO MARTÍNEZ, J.M. "Las excavaciones de la villa romana de Centroña-Puentedeume (La Coruña)." *C.E.G.* XVIII. Pp. 5-19. 1962.

MONTEAGUDO, L. *Galicia en Ptolomeo*. C.E.G. Fasc.VIII.1947

MONTEAGUDO, L. "Mela III y Ptolomeo". Geografía II, 6,4. *Emérita XV*, pp. 71-78. 1947.

MONTEAGUDO, L. "Provincia de La Coruña en Ptolomeo". AEA XXXVI, pp. 91-96. 1953.

ROMERO MASIA, Ana María; Pose Mesura, Xosé Manuel. *Galicia nos textos clásicos*. Monografías urxentes do museu. 1987. A Coruña.

SCHULTEN, A. *Geografía y etnografía antiguas de la P.J.* C.S.I.C. Madrid 1959

SARALEGUI Y MEDINA, L. Adobriga. 1908. Ferrol.

Tabula imperri romani folla K-29: Porto. Unión académica internacional. Instituto Xeográfico Internacional. Madrid. 1991

TRANOY, A. *La Galice romaine.* 1981. París.